



**Resolución de reclamacións e resultados CORRIXIDOS do segundo exercicio do proceso selectivo para a provisión en propiedade polo sistema de concurso-oposición por quenda libre dunha praza de funcionario denominada: Orientador Laboral, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, incluída na oferta de emprego público do Concello de Sada para 2022 de estabilización OEPE 18-2022**

Respecto da reclamación presentada o 12.11.2023 (NRE 202399900005622) por resólvese o seguinte:

- Reclamación á pregunta 1:

As siglas DARDE, segundo o glosario da páxina web EMPREGO GALICIA, <https://emprego.xunta.gal/portal/es/>, significa “Documento de Alta y Renovación de la Demanda de Empleo”, a resposta dada pola reclamante á pregunta non se cingue nin á dita definición nin ao desglose dunha sigla. Definición RAE de “Sigla”: “Abreviación gráfica formada por el conjunto de letras iniciales de una expresión compleja”.

De forma que se desestima a reclamación no referido a esta pregunta.

- Reclamación á pregunta 3:

Podería SUSPENDER, segundo o art. 271.1.d) da LGSS, mentres o traballador realice un traballo por conta propia de duración inferior a sesenta meses, isto é, do mes 50 ao mes 59 e EXTINGUIRÍASE, segundo art.272. c) da LGSS, se o traballo por conta propia é igual ou superior a 60 meses.

A reclamante logo de tachar parte da resposta, non menciona nin un caso nin outro errando por completo na resposta que ofrece.

Polo que debe desestimarse a reclamación no referido a esta pregunta.

- Reclamación á pregunta 4:

Constátase polo tribunal un erro ao seleccionar a normativa aplicable, que no momento da corrección referiuse a entidades sen ánimo de lucro e non á entidades locais, polo que a resposta correcta é 3 meses.

Acéptase respecto a esta pregunta a reclamación.

- Reclamación á pregunta 8:

Aínda que a palabra “fases” non aparece literalmente na orde, a regulación contida nesta, en concreto no art. 3b) sinala o contido mínimo, de cuxa redacción e aplicando a definición de “fases” contida na RAE conclúese que as mesmas están perfectamente identificadas, que era o que se pretendía que o aspirante concluíra e explicase.

Definición RAE de “Fase”: “1. Cada uno de los distintos estados sucesivos de un fenómeno natural o histórico, o de una doctrina, negocio, etc”.



Concello de Sada

Edificio de Uso Administrativo

Av. da Mariña 25  
Sada (15160), A Coruña  
Teléfono: 981 620 075  
Fax: 981 621 274

Polo que se desestima a reclamación no referido a esta pregunta.

A continuación procédese á revisión dos exames para revalorar a pregunta 3, apartado 4, resultando as seguintes notas finais desta segunda proba:

CÓDIGO	NOTA
000122	17,17
000124	25,20
000130	22,73
000131	14,09
000136	15,27
000138	23,69

O tribunal decide publicar nos mesmos medios en que se publicaron os resultados o motivo do erro na pregunta 3.4 e a nova puntuación.

Sada, 20 de novembro de 2023.

A presidenta

María del Carmen Seoane Bouzas